



PROMOCIÓN ESO

Art. 8 Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación

Promoción con todo aprobado ou máximo 2 suspensas.

Excepcionalmente poden promocionar con 3 ou mais suspensas cando:

- A media aritmética das cualificacións sexa igual ou superior a 5
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica

Art. 25 Decreto 156/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da ESO en Galicia: Igual á Orde de 25 de xaneiro de 2022, engadindo : **Que a suma dos periodos lectivos semanais** establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa **non sexa superior a dez**

Art. 28.3 Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/ 2022: Reúne os requisitos no seu art. 28

TITULACIÓN ESO

Art. 10 Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación

Art. 26 Decreto 156/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da ESO en Galicia: Igual á Orde de 25 de xaneiro de 2022

Art. 29 Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/ 2022: Igual á lexislación anterior

Titulación con todas as materias ou ámbitos aprobados.

Excepcionalmente poden titular con materias pendentes sempre que:

- Que a media aritmética sexa igual ou superior a 5
- Que o equipo docente considere que o alumno/a adquiriu as competencias establecidas
- Que o equipo docente considere que o alumno/a alcanzou os obxectivos de etapa

PENDENTES

Art. 51 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o decreto 229/2011 de atención á diversidade

O alumnado que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo, elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo as directrices do departamento didáctico e co coñecemento do titor

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo, e de ser necesario realizaranse os axustes que proceda.

Na sesión de avaliación final o profesor/a da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. Para superar a materia pendente a alumna ou alumno deberán ter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

Art. 25.3 Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación



O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha esas materias.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans

Art. 25.4 Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación

O establecido no punto anterior será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un **PDC** naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa.

As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente

PROMOCIÓN BACHARELATO

Art. 14 Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación

Art. 23 Decreto 157/2022 de 15 de setembro polo que se establece a ordenación e currículo do Bacharelato en Galicia

Art. 30 Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022: Igual á lexislación anterior

Promoción con todo aprobado ou máximo 2 materias suspensas

- O alumnado de 1º Bach que non acade a promoción a 2º BACH deberá matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.
- O alumnado de 2º BACH que tivese avaliación negativa nalgunhas materias poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderá optar por repetir o curso completo. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou alumno tivera superado previamente

TITULACIÓN BACHARELATO

Art. 15 Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación

Art. 24 Decreto 157/2022 de 15 de setembro polo que se establece a ordenación e currículo do Bacharelato en Galicia

Art. 31 Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022: Igual á lexislación anterior

Titulación coa avaliación positiva de todas as materias dos dous cursos de bacharelato

Excepcionalmente o alumno/a pode titular con 1 materia suspensa coas seguintes condicións:

- Que o equipo docente considere que a alumna/o alcanzou as competencias e obxectivos vinculados ao título
- Que non se produciu unha inasistencia continuada e inxustificada por parte do alumno/a á materia
- Que o alumno/a se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria
- Que a media aritmética das cualificacións sexa igual ou superior a 5